



GUÍA BÁSICA

1. Preparación.

1. A persoa relatora e o Equipo Directivo/Administrador/a da Aula Virtual do centro..., acordarán as datas e horarios para a celebración da actividade. Estas terán que ser trasladadas á persoa asesora asignada á actividade.
2. O/A Administrador/a da Aula Virtual do centro deberá asignar na Aula Virtual do centro ao profesorado do claustro o perfil de “*Creador do curso*”.
3. O/A Administrador/a da Aula Virtual do centro deberá dar de alta na Aula Virtual do centro.
 - Á persoa relatora co perfil de “*Creador do curso*”
 - Aos participantes doutro centro, de ser o caso, co perfil de “*Creador do curso*”.
 - Á persoa asesora asignada á actividade co perfil de “*Profesor/a*”.
4. O/A Administrador/a da Aula Virtual do centro, creará un curso na Aula Virtual do centro denominado “*Actualización de ferramentas tecnológicas para docentes*”, e dará acceso ao mesmo a todos os integrantes da actividade, incluída a persoa asesora asignada á actividade.
5. A persoa relatora incluírá no curso creado na Aula Virtual do centro asignado, a lo menos, os puntos establecidos no documento “*Características básicas do curso*”.

2. Desenvolvemento.

1. Como primeira tarefa da actividade, invitaráse aos participantes e á persoa asesora asignada á actividade a súa presentación no **Foro de presentación** creado no curso da Aula Virtual, para comprobar que as persoas participantes acceden.
2. A programación inicial da actividade será deseñada pola persoa relatora co apoio dos/as Asesores/as TIC do CFR A Coruña, analizando as necesidades formativas do profesorado participante e determinando en que aspectos centrar a formación:
 - Manexo da aula virtual (Moodle): actividades e/ou recursos básicos que poden empregar, foros e outras ferramentas de comunicación, creación e corrección de tarefas, forma de presentar os contidos teóricos,..
 - Videoconferencias con Webex: aspectos técnicos e pautas de uso.
 - Agueiro (No caso de que no centro se prefira e se conte con esta opción)
 - Espazo Abalar/Abalar Móbil.
 - Busca e aproveitamento de contidos.
 - Creación de contidos.



3. Antes da finalización da actividade a persoa asesora asignada á actividade escribirá unha mensaxe no **Foro de novas**, recordando a data de finalización desta así como a importancia de cumprimentar a enquisa de avaliación (da que recibirán notificación por correo electrónico) entrando na aplicación Fprofe na pestana Enquisas.

3. Finalización.

1. A persoa relatora invitará aos participantes e persoa asesora asignada á actividade a participación no **Foro da presentación** creado no curso da Aula Virtual do centro.
2. A persoa relatora realizará unha copia de seguridade do curso da Aula Virtual, incluíndo datos de usuario, que a subirá no Módulo “Repositorio copias de seguridade” do [“Curso Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes. Relatores”](#), co seguinte nome: *Curso.nomedocentro.nomeapelidosrelator*.

Asesoramento ás persoas relatoras.

1. Os/As asesores/as TIC do CFR A Coruña, crearán un curso na Aula Virtual do CFR, titulado: [“Curso Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes. Relatores”](#), e darase acceso ao mesmo a todas as persoas relatoras implicadas nesta actividade.
2. As aportacións (contidos, recursos, programacións,...) que as persoas relatoras desexen compartir no *“Curso Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes. Relatores”*, serán enviadas ao/ás asesores/as TIC do CFR A Coruña, a través do seguinte correo cfr.coruna.tic1@edu.xunta.gal
3. Os/As asesores/as TIC do CFR A Coruña serán os encargados de actualizar o *“Curso Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes. Relatores”*, e comunicar periódicamente ás persoas relatoras as novas correspondentes.
4. A persoa asesora asignada á actividade asesorará da xestión administrativa da actividade.
5. O/A Administrador/a da Aula Virtual do centro apoiará no desenvolvemento da actividade mediante asistencia técnica que sexa precisa.
6. O/A Coordinador/a Abalar asignado ao centro resolverá as incidencias técnicas que poidan xurdir.